

**TEATRO DO
NOROESTE**



2017 : 30 ANOS ANTUANDO

30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Teatro do Noroeste, é unha compañía teatral de longa traxectoria que ten realizado representacións dos seus espectáculos por toda Galicia, con frecuentes saídas polo resto de España, que estrea e representa todos os seus espectáculos en lingua galega.


Teatro do Noroeste, é unha compañía que, na súa dilatada traxectoria ten producido e distribuído unha grande cantidade de espectáculos. Entre estes espectáculos pódense salientar desde textos clásicos como: Rei Lear, Macbeth ou Noite de Reis, de William Shakespeare, ou As vodas de Figaro, de Caron de Beaumarchais, até textos máis contemporáneos como Os Xustos, de Albert Camus, ou de autores galegos vivos como Historias Peregrinas, ou A grande noite de Fiz, de Miguel Anxo Murado, Unha rosa é unha rosa, de Suso de Toro ou Campo Sur ou A Mamma de Lino Braxe, entre moitos outros, potenciando así a dramaturxia galega contemporánea.

Teatro do Noroeste, cumpre, no ano 2017, 30 anos de actividade teatral ininterrompida. Nestes 30 anos realizou un total de 36 producións teatrais, todas elas foron estreadas en teatros de Galicia.

Neses 30 anos actuando, neses 30 anos de actividade cultural viva, esta compañía realizou un total de 1.250 representacións en outras tantas prazas de Galicia e tamén do resto de España.

30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Para conmemorar esta longa traxectoria, e para que quede constancia desta inxente labor nun arte efémera que se non se documenta, desaparece da conciencia, Teatro do Noroeste está levando a cabo unha serie de actividades neste ano 2017.



Índice de actividades 2017:

- Producción, estrea e xira de "Estado de Graza"
- Presentación do libro "Teatro do Noroeste, 2017: 30 anos actuando"
- Inauguración e xira da exposición "Teatro do Noroeste, 2017: 30 anos actuando"
- Producción, estrea, campaña de escolares e xira de "Animais de Compañía"
- Actos de Clausura do 30 aniversario no Teatro Colón (A Coruña)

30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Estado de Graza

Texto e dirección de Eduardo Alonso
Con Luma Gómez, Imma Antón, Mnuela Varela e Nini True.



Estado de Graza. Epifanía da mala filla, é a produción número 37 de Teatro do Noroeste, estreada no Pazo de Cultura de Narón o 3 de febreiro de 2017.

RESUMO:

A difícil relación entre unha filla que ansía a liberdade e unha nai dominada polas crenzas relixiosas máis profundas.

O duro enfrontamento entre unha xeración dominada pola beatería máis contumaz e a seguinte coa liberdade por bandeira. Cando a relixión impera en todos os comportamentos humanos, resulta case imposible liberarse dese xugo.

No tardo – franquismo, seguramente o momento histórico en que dúas xeracións consecutivas estiveron máis distantes ideoloxicamente, catro mulleres loitan por establecer o seu lugar no mundo.



30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Libro

Teatro do Noroeste, 2017: 30 anos actuando



A presentación deste libro foi levada a cabo no Teatro Principal de Santiago de Compostela o 17 de febreiro de 2017.



O libro está formado polo material gráfico do arquivo de Teatro do Noroeste, con imaxes dos carteis e de deseños, e tamén fotografías dos espectáculos.

Ademais hai anécdotas e relatos das experiencias dalgúns colaboradores da Compañía.

Completan a publicación o prólogo de Damián Villalaín e o estudo histórico sobre a Compañía de Paco Oti.

30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Exposición

Teatro do Noroeste, 2017: 30 anos actuando



A inauguración da exposición tivo lugar na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela o 8 de xuño de 2017.




Está composta por paneis con imaxes dos 36 espectáculos da compañía, pezas de vestiario, deseños orixinais, e unha peza audiovisual que fai un repaso á traxectoria de Teatro do Noroeste con imaxes de arquivo.



30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Animais de Compañía

Texto e dirección de Eduardo Alonso
Con Imma António e Mnuela Varela



Unha divertida e máxica comedia familiar.

É unha fábula moderna sobre as relacións humanas.

Parécenos importante axudar ás nenas e nenos a aprender valores éticos. E neste caso preocúpanos unha temática moi actual: O respecto a diferenza.

O respecto a toda as diferenzas: de cor, raza, cultura, relixión, xénero...


É esta preocupación a que nos leva a crear un espectáculo no que as nenas e nenos, entendan estes valores éticos mentres se están a divertir. Así chegamos a "Animais de Compañía"

Dous animais, unha vella cadela e unha gata nova, toman características humanas para contruir un proceso de aprendizaxe e toma de valores éticos en ton de comedia.

Será estreada o 4 de Novembro de 2017 no Teatro Colón, facendo no mesmo teatro unha campaña con escolares.

30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Actos de Clausura do 30 Aniversario no Teatro Colón



As actividades para festexar o final do 30 aniversario de Teatro do Noroeste serán levadas a cabo no Teatro Colón de A Coruña os días 29 e 30 de decembro 2017.

CLAUSURA 30 ANIVERSARIO

29 e 30 de decembro Teatro Colón (A Coruña)

29 e 30 de decembro EXPOSICIÓN

29 de decembro Estado de Graza


30 de decembro. Mesa Redonda

30 de decembro. ESTREA DO DOCUMENTAL

"30 ANOS ACTUANDO: QUE NOS QUITEN O BAILADO!"

30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Actos de Clausura do 30 Aniversario no Teatro Colón



Mesa Redonda


A arte escénica na encrucillada: pasado, presente e futuro do teatro galego.

Trátase de, aproveitando a celebración dos 30 anos de Teatro do Noroeste, reflexionar sobre o acontecido nestas últimas décadas no teatro galego e establecer camiños para o seu porvir.

Na mesa redonda participarán protagonistas das artes escénicas en Galicia desde o comezo da profesionalización, aló por 1978, e as primeiras Mostras Abrente de Ribadavia, ata as novas xeracións saídas de actual Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

30 anos. 36 producións. 1250 actuacións

Actos de Clausura do 30 Aniversario no Teatro Colón



Estrea da longametraxe documental
30 anos actuando: Que nos quiten o bailado!

Esta longametraxe documental fai un percorrido por estes 30 anos de Teatro do Noroeste, de Eduardo Alonso e Luma Gómez.

Dirixido por Eva Alonso e producido por



Este documental susténtase sobre catro patas:

- A peza central, a imprescindible conversa entre os socios, Eduardo Alonso e Luma Gómez. Nunha charla relaxada e informal, fan un repaso dos seus comezos no teatro, da formación de Teatro do Noroeste, dos espectáculos, dos momentos bos e os non tan bos.
- Os colaboradores. Entrevistas con algúns dos colaboradores que teñen traballado en Teatro do Noroeste. Colaboradores de distintas etapas, e colaboradores moi habituais, relatan as súas experiencias, anécdotas e vivencias na Compañía. Algúns dos colaboradores que forman parte da longametraxe son: Ernesto Chao, Miguel Pernas, Xavier Estévez, Imma António, Victoria Pérez, Alejandro Carro ou Fernando González.
- Imaxes de Arquivo. Nestes 30 anos e 36 espectáculos, tense recollido en imaxes parte da historia do teatro galego. Así incluírá pezas dos espectáculos antigos, e actuais.
- Base histórica. A cronoloxía das produccións e da traxectoria de Teatro do Noroeste ven dada por dúas bandas, a primeira é unha entrevista con Paco Oti, que recentemente fixo unha profunda investigación sobre esta parte da historia do teatro galego. E pola outra banda, o percorrido de Eduardo e Luma pola exposición "Teatro do Noroeste, 2017: 30 anos actuando" que recolle toda a actividade teatral da Compañía.

A longametraxe é o resultado dun diálogo fluído entre as catro patas que a sustentan.

